BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA
DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Venres, 1 de marzo de 2019
Núm. 43

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

## BUEU

**Subvencións e axudas**

*BASES DA CONVOCATORIA DO X CERTAME DE RELATOS DE MULLER, MATILDE BARES ORGANIZADO POLO CENTRO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES*

**X Concurso de Relatos de Muller**
**MATILDE BARES**

Filla de María D. Giráldez e Manuel Bares Fariña. En 1898 daba clases na escola privada da Banda do Río en Bueu. Foi unha mestra de labor recoñecida que se esmerou na preparación de ata tres xeracións. Gran organizadora de actividades culturais, dirixiu grupos de teatro e comparsas.

O día 11 de novembro de 1932, realizóuselle unha homenaxe, coa colocación dunha Placa conmemorativa na que foi a súa casa en Eduardo Vincenti, 41: "Los hijos de Bueu en América a Matilde Bares" (11-XI-1932).

Esta homenaxe foi auspiciada polos emigrantes arxentinos en agradecemento pola súa labor, xa que a moitos deles ensinoulles a escribir, ler e facer contas antes de partir cara a Arxentina. Tamén lles facilitaba unha carta de recomendación para que, unha vez chegados alí llela deran ao seu irmán Manuel, que vivía naquel país, para axudarlles a atopar casa e traballo.

*1. OBXECTO*

O CIM de Bueu pretende fomentar a través da creación literaria a difusión do valor da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, a corresponsabilidade nas obrigas familiares e sociais e o tratamento da Violencia de Xénero.

Non optarán a premio aqueles relatos que inclúan contidos sexistas ou que incidan na intolerancia en calquera dos seus aspectos.

*2. PERSOAS BENEFICIARIAS*

Esta convocatoria está dirixida a persoas físicas maiores de idade.

*3. CONDICIÓNS TÉCNICAS DA OBRA*

Os relatos só se poderán presentar no idioma galego.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:CZWRU3HG6V8CY37Q

As persoas concursantes presentarán unha declaración xurada na que se manifeste que o seu relato é orixinal, inédito e non premiado con anterioridade en calquera outro concurso ou certame. Esta declaración se presentará nun sobre pechado titulado "Declaración xurada".

Os traballos presentaranse,debidamente paxinados, en soporte papel e en formato electrónico (CD/DVD) este último, asinado pola persoa participante. Terán unha extensión non inferior a 20 folios nin superior aos 40, escritos por unha soa cara, letra Times New Roman, tamaño 12 e interliñado 1,5. O incumprimento da letra ou do espírito de este apartado, implicará a non aceptación do premio.

Os relatos en papel entregaranse por duplicado, co título da obra, lema e sen sinatura. Ademais, achegarase nun sobre pechado o nome e apelidos, enderezo, número de teléfono, correo electrónico e fotocopia do DNI do autor/a. No exterior do sobre indicarase o título da obra e lema do autor/a .

O CD/DVD terá que estar asinado e incluir o relato en PDF. Se houbera discrepancias entre o formato papel e o formato electrónico, terá prevalencia este último.

Cada autor/a poderá presentar o número de relatos que estime conveniente.

*4. PREMIOS*

O premio consiste nunha dotación económica de 1500€ que estará suxeito á retención do IRPF correspondente segundo a lexislación vixente no momento da resolución.

O ditame comunicarase directamente á persoa gañadora e farase público no taboleiro de anuncios da sede electrónica e máis na páxina web do Concello de Bueu: https://concellodebueu.gal/.

O premio será entregado nun acto institucional ao cal terá a obriga de asistir a persoa gañadora.

O aboamento do premio efectuarase mediante un ingreso directo na conta bancaria da que sexa titular a persoa beneficiaria.

A contía consignada para este premio imputaráse con cargo as aplicacións orzamentarias 231.22799, 231.23300 e 231.48100 do Orzamento Ordinario do Concello de Bueu.

*5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E PRAZO.*

Co fin de garantir o anonimato dos traballos a presentación será segundo o seguinte procedimento:

— No Rexistro Xeral do Concello de Bueu, sito na rúa Eduardo Vincenti número 8, Código Postal 36930, Bueu-Pontevedra, facendo constar no sobre "X Concurso de Relatos de Muller Matilde Bares" ou a través da sede electrónica do Concello de Bueu.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:CZWRU3HG6V8CY37Q

— Por correo postal dirixido ao Rexistro Xeral do Concello de Bueu nun sobre co título "X Certame de Relatos de Muller Matilde Bares". O selo que certifique a data de envío será visible.
— As solicitudes poderán ser presentadas a partir da publicación do extracto das bases no BOP . Tamén serán publicadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do Concello para a súa consulta polas persoas interesadas.
— O prazo de presentación de traballos rematará o 30 de decembro de 2019.
— Se a documentación presentada estivese incompleta farase requirimento dentro do prazo de dez días hábiles para a súa emenda. Transcurrido o prazo e non realizada a subsanación de erros a solicitude de participación será desestimada.

*6. PROCEDEMENTO, XURADO E RESOLUCIÓN*

O xurado, estará integrado por tres membros procedentes do eido literario e/ou especialistas na igualdade e na loita contra a Violencia de Xénero. Actuará como secretaria a Directora do CIM, con voz e sen voto.

O xurado valorará especialmente os traballos presentados tendo en conta os seguintes criterios:

- A orixinalidade no tratamento do tema.
- Reinterpretación dos roles sexistas e os estereotipos que afectan a imaxe da muller que aparecen a diario na literatura, cine, televisión.
- Micromachismos.
- Igualdade laboral: teito de cristal, fenda salarial de xénero.
- Imaxe da muller nos medios de comunicación.
- Axuste aos temas e obxetivos do certame.

O xurado non admitirá relatos que conteñan ideas ou expresións contrarias aos obxectivos de este certame.

O premio poderá ser declarado deserto se a criterio do xurado ningún traballo tivese os méritos necesarios para obtelo.

A decisión do xurado , que será inapelable, farase pública no mes de febreiro de 2020.

O xurado do certame terá a competencia de resolver calquera circunstancia non prevista nas presentes bases.

As persoas que integran o xurado percibirán a indemnización correspondente. Estes gastos imputaranse con cargo as aplicacións orzamentarias 231.22799, 231.23300 e 231.48100.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:CZWRU3HG6V8CY37Q

*7. AUTORÍA DAS OBRAS:*

A concesión do premio non implica a perda da propiedade intelectual. O Concello de Bueu publicará o traballo premiado, facendo constar sempre a súa autoría.

Non se devolverán orixinais. O CIM destruirá as copias dos relatos e documentación dos autores non premiados.

O Concello de Bueu non se fará cargo dos costes económicos que supoña a devolución das obras por correo ás persoas participantes que o soliciten.

*8. PUBLICIDADE:*

Estas bases serán publicadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Bueu, no BOP, aos efectos de dar publicidade a esta convocatoria na Base de Datos do Sistema Nacional de Publicidade e Subvencións, e na páxina web deste Concello.

*9. IMPUGNACIÓN*

Segundo o establecido nos artígos 112 a 120 y 123 y 124 da Ley 39/2015 de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

*10. NORMAS FINAIS*

O Concello de Bueu declina a responsabilidade que poida xurdir no caso de que o relato gañador faga mención a persoas vivas e circunstancias reais das que non teña coñecemento, e non se faga referencia expresa á autorización das persoas interesadas. Será responsable únicamente o/a autor/a.

A participación neste certame supón a total aceptación das presentes bases.

**X Concurso de Relatos de Mujer**
**MATILDE BARES**

Hija de María D. Giráldez y Manuel Bares Fariña. En 1898 daba clases en la escuela privada de la Banda do Río En Bueu. Fue una maestra de labor reconocida que se esmeró en la participación de hasta tres generaciones. Gran organizadora de actividades culturales, dirigió grupos de teatro y comparsas.

El día 11 de noviembre de 1932, se le realizó un homenaje, con la colocación de una Placa Conmemorativa en la que fue su casa en Eduardo Vincenti , 41: “Los hijos de Bueu en América a Matilde Bares” (11-XI-1932).

Este homenaje fue auspiciada por los emigrantes argentinos en agradecimiento por su labor, ya que a muchos de ellos les enseñó a escribir, leer y hacer cuentas antes de partir hacia Argentina. Además, también les facilitaba una carta de recomendación para que, cuando llegarán

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:CZWRU3HG6V8CY37Q

allí se la dieran a su hermano Manuel, que vivía en aquel país, para ayudarlos a encontrar casa y trabajo.

*1. OBJETO*

El CIM de Bueu pretende fomentar a través de la creación literaria la difusión del valor de la igualdad de oportunidades entre mujeres y hombres, la corresponsabilidad en las obligaciones familiares y sociales y el tratamiento de la Violencia de Género.

No optarán a premio aquellos relatos que incluyan contenidos sexistas o que incidan en la intolerancia en cualquiera de sus aspectos.

*2. PERSONAS BENEFICIARIAS*

Esta convocatoria está dirigida a personas físicas mayores de edad.

*3. CONDICIONES TÉCNICAS DE LA OBRA*

Los relatos sólo se podrán presentar en lengua gallega.

Las personas concursantes presentarán una declaración jurada en la que se manifieste que su relato es original, inédito y no premiado con anterioridad en cualquier otro concurso o certamen. Esta declaración se presentará en un sobre cerrado titulado “Declaración jurada”.

Los trabajos se presentarán, debidamente paginados, en soporte papel y en formato electrónico ( CD/DVD ), éste último firmado por la persona participante. Tendrán una extensión no inferior a 20 folios ni superior a 40, escritos por una sola cara, letra Times New Roman, tamaño 12 e interlineado 1,5.El incumplimiento de la letra o del espíritu de este apartado implicará la no aceptación del premio.

Los relatos en papel se entregarán por duplicado, con el título de la obra, lema y sin firma. Además, se entregarán en un sobre cerrado con el nombre y apellidos, dirección, número de teléfono, correo electrónico y fotocopia del DNI del autor/a. En el exterior del sobre se indicará el título de la obra y el lema del autor/a.

El CD/DVD tendrá que presentarse firmado e incluir el relato en PDF. De apreciarse discrepancias entre la documentación presentada en papel y en formato electrónico, prevalecerá esta última.

Cada autor/a podrá presentar el número de relatos que estime oportuno.

*4. PREMIOS*

El premio consiste en una dotación económica de 1500€ que estará sujeto a la retención del IRPF correspondiente según la legislación vigente en el momento de la resolución.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:CZWRU3HG6V8CY37Q

El dictamen se le comunicará directamente a la persona ganadora y se hará público a través del tablero de anuncios de la sede electrónica y en la página web del Ayuntamiento de Bueu: https://concellodebueu.gal/.

El premio será entregado en un acto institucional al cual tendrá la obligación de asistir la persona ganadora.

El pago de los premios se efectuará mediante un ingreso directo en la cuenta bancaria de la que sea titular la persona beneficiaria.

La cuantía consignada para estos premios se le imputará con cargo a las aplicaciones presupuestarias números 231.22799, 231.23300 e 231.48100 del Presupuesto municipal del Ayuntamiento de Bueu.

*5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES Y PLAZO*

Con el fin de garantizar el anonimato, los trabajos se presentarán según el procedimiento siguiente:

— En el Registro General del Ayuntamiento de Bueu , situado en la calle Eduardo Vincenti número 8. Código Postal 36930, Bueu. Pontevedra. Se hará constar en el sobre "X Concurso de Relatos de Muller Matilde Bares".

— Por correo postal dirigido al Registro General del Ayuntamiento de Bueu en un sobre con el título "X Certamen de Relatos de Mujer Matilde Bares". El sello que certifique la fecha de envío habrá de ser visible.

— Las solicitudes podrán ser presentadas a partir de la publicación del extracto de las bases en el BOP .También serán publicadas en el tablero de anuncios de la sede electrónica y en la página web del Ayuntamiento para su consulta por las personas interesadas.

— El plazo de presentación de los trabajos terminará el 30 de diciembre de 2019.

— Si la documentación estuviera incompleta se hará un requerimiento dentro del plazo de diez días hábiles para su subsanación. Transcurrido el plazo y no realizada, la solicitud será desestimada.

*6. PROCEDIMIENTO, JURADO Y RESOLUCIÓN*

El jurado estará integrado por tres miembros procedentes del ámbito literario y/o especialistas en el ámbito de la igualdad y/o la lucha contra la Violencia de Género. Actuará como secretaria la Directora del CIM, con voz y sin voto.

El jurado valorará especialmente los trabajos presentados teniendo en cuenta los siguientes criterios:

- La originalidad en el tratamiento del tema.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:CZWRU3HG6V8CY37Q

- Reinterpretación de los roles sexistas y los estereotipos que afectan a la imagen de la mujer que aparecen a diario en la literatura, cine, televisión.
- Micromachismos.
- Igualdad laboral: techo de cristal, brecha salarial de género.
- Imagen de la mujer en los medios de comunicación.
- Ajuste a los temas y objetivos del certamen.

El jurado no admitirá relatos que contenga ideas o expresiones contrarias a los objetivos de este certamen.

El premio podrá ser declarado desierto si a criterio del jurado ningún trabajo tuviera los méritos necesarios para obtenerlos.

La decisión del jurado, que será inapelable, se hará pública en el mes de febrero de 2020.

El jurado del certamen tendrá la competencia de resolver cualquier circunstancia no prevista en las presentes bases.

Las personas que integran el jurado recibirán la indemnización correspondiente por formar parte del jurado. Estos gastos se imputarán con cargo a las aplicaciones presupuestarias 231.22799, 231.23300 y 231.48100.

*7. AUTORÍA DE LAS OBRAS*

La concesión del premio no implica la pérdida de la propiedad intelectual. El Ayuntamiento de Bueu publicará el trabajo premiado, haciendo constar siempre su autoría.

No se devolverán los originales. El CIM destruirá las copias de los relatos y la documentación de los autores no premiados.

El Ayuntamiento de Bueu no se hará cargo de los costes económicos que suponga la devolución de las obras por correo a las personas participantes que así lo hayan solicitado.

*8. PUBLICIDAD*

Estas bases serán publicadas en el tablero de anuncios de la sede electrónica del Ayuntamiento de Bueu, en el BOP, a los efectos de dar publicidad a esta convocatoria en la base de Datos del Sistema Nacional de Publicidad y Subvenciones y en la página web de este Ayuntamiento.

*9. IMPUGNACIÓN*

Según lo establecido en los artículos 112 a 120 y 123 y 124 da Ley 39/2015 de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de de las Administraciones Públicas.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:CZWRU3HG6V8CY37Q

*10. NORMAS FINALES*

El Ayuntamiento de Bueu declina la responsabilidad que pueda darse en el caso de que el relato ganador haga mención a personas vivas y circunstancias reales de las que no se tenga conocimiento y no se haga referencia expresa a la autorización de las personas interesadas. Será responsable únicamente el/la autor/a.

La participación en este certamen supone la total aceptación de las presentes bases.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:CZWRU3HG6V8CY37Q